

A Voltas co Baile

Máscaras que bailan
nos rituais
do tempo cíclico

Sábado 11 de abril de 2026
Auditorio do Museo do Pobo Galego

10h30 a 12h00

Rituais con danzas no Entroido
e nas mascaradas invernais:
a cinemática do extraordinario.
Rafael Quintía Pereira

12h30 a 13h45

Máscaras, libreas e danzas:
representación da loita do ben
e do mal nas tradicións
das Illas Canarias.

José Policarpo Martín Cruz

Programa das xornadas:

De balde.

Inscripcións en:

servizosdeac@museodopobo.gal



Imaxe tirada da serigrafía Muñeira (1967)
de Luis Seoane. Fundación Luis Seoane.

Máis información e inscrición:

servizosdeac@museodopobo.gal

www.museodopobo.gal



Museo do Pobo Galego



A VOLTAS CO BAILE

Máscaras que bailan nos rituais do tempo cíclico.

Sábado 11 de abril de 2026

Xornada teórica en horario de mañá.

De balde.

Inscripción en servizosdeac@museodopobo.gal

Esta 14ª xornada de *A voltas co baile* enmárcase dentro da exposición temporal *Mask: Alas e Vento* que amosa máscaras de diferentes lugares de Europa, centrándose nas da Península Ibérica, que acompañan momentos de transición do ciclo anual, principalmente o do inverno.

Nestes eventos rituais, moitas delas executan bailes ou danzas de moi diferentes índoles. Así, dicimos que unha máscara está bailada cando participou do rito para o que se creou e se transmitiu de xeración en xeración.

No sábado 11 de abril poderemos afondar máis nas diferentes manifestacións dancísticas que se dan arredor das máscaras galegas que saen desde o solsticio de inverno até Entroido, facendo a comparativa dos seus comportamentos co de outras mascaradas europeas. Tamén viaxaremos até as Illas Canarias, cuxas tradicións de inverno vense eclipsadas polos desfiles de carnaval de Tenerife, podendo coñecer manifestacións ancestrais que teñen na danza un elemento protagonista do rito.

PROGRAMA

Rituais con danzas no Entroido e nas mascaradas invernais: a cinemática do extraordinario.

Con **Rafael Quintía Pereira.**

De 10h30 a 12h:

Nesta conferencia achegarémonos aos posibles significados e funcións das danzas relacionadas cos ritos de Entroido e das mascaradas de invernía en xeral, con especial atención ao caso galego. Abordaremos os aspectos estéticos, simbólicos e rituais destas danzas, así como a súa relación coas chamadas “Danzas brancas” que se dan noutros contextos rituais do ciclo festivo do ano. Explicaremos o carácter votivo destas “danzas brancas” e a lóxica cultural que opera tras estas formas de relixiosidade popular. Así mesmo afondaremos no carácter estético e performativo dos/as danzantes de Entroido, na hermenéutica dos seus traxes e o seu contexto de significación. Proporemos unha taxonomía clasificatoria destas danzas en base ás súas funcións e percorrерemos algunhas destas expresións, centrándonos en exemplos de caso como as mázcaras xiróvagas de Manzaneda, a danza das mázcaras do Fulión de Buxán, a Muiñeira Cruzada do Entroido de Samede ou das damas e galáns de Nerga como baile colectivo feito danza (o baile representativo), a antiga danza do galo das Madamas e Galáns de Cobres e os ritos de paso ou a danza dos labregos de Marcón, as danzas de arcos de Vilameá (Lobios), entre outras. E remataremos establecendo conexións formais con outras danzas similares na Península Ibérica e en Europa.

Puntos que se tratarán:

- Danzas de Entroido e danzas brancas: que son as danzas votivas.
- Aspectos estéticos dos/as danzantes: hermenéutica do traxe.
- As danzas rexenerativas: as mázcaras xiróvagas de Manzaneda.
- O salto propiciatorio.
- Danzas para casar.
- Os seres que bailan e os seres que danzan: Madamas, madamitas, damas, señoritas, galáns, madamitos e danzantes.
- O papel do baile no Entroido.
- O tempo da danza e o tempo do baile.
- Unha visión transcultural de contexto.

Rafael Quintía Pereira

Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural, Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais. Doutorando en Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela e no CISPAC.

Exerce como antropólogo profesional na empresa Ab Origine. Antropoloxía, Produción e Xestión Cultural, da que é fundador e xerente. Ademais é profesor-titor na Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED). Especialista en patrimonio inmaterial e proxectos de posta en valor do patrimonio. Investigador, formador e divulgador nos campos de la antropoloxía e da historia. As súa liñas de investigación céntranse, fundamentalmente, no patrimonio inmaterial, con especial interese no Entroido. O seu traballo de investigación ten sido galardoado con cinco premios de investigación e ensaio: Premio de Investigación Xermade na Historia (2019), Premio Ferro Couselo de Investigación (2017), Premio Ramón Piñeiro de Ensaio (2016), Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais (2015) e Premio de investigación Luís Cuadrado (2010). É autor de trinta libros, de varias obras colectivas e dun centenar de artigos. No campo da antropoloxía visual dirixiu trece documentais etnográficos e históricos. É membro do Observatorio Internacional de Cátedra UNESCO da Universitat de València (Comité de Europa) e membro fundador e presidente da Sociedad Antropolóxica Galega (SAGA). Como gaiteiro leva vencellado á música tradicional dende 1992.

Máscaras, libreas e danzas: representación da loita do ben e o mal nas tradicións das Illas Canarias.

Con **José Policarpo Martín Cruz.**

De 12h30 a 13h45:

Debido á influencia das tres abeiras do Atlántico (Europa, África e América), en Canarias desenvolvéronse manifestacións culturais que se insiren na tradición universal da loita entre o ben e o mal e que, na actualidade, se conservan en contextos festivos que se distribúen ao longo de todo o ano. Esta presentación porá o foco en dous elementos concretos que servirán tanto para identificar as individualidades de cada manifestación como para obter adaptacións comúns da tradición universal en espazos separados polo mar. O primeiro destes elementos será a máscara (ou a librea) como representación material dos conceptos enfrontados na loita. O segundo, a danza como contexto ritualizado do conflito. Finalmente, convidarase a reflexionar sobre os procesos de patrimonialización que ao longo da historia terminaron por converter estas manifestacións festivas en elementos básicos para a construción das identidades locais.

Puntos que se tratarán:

- Orixe e desenvolvemento histórico das tradicións culturais: insularidade, tricontinentalidade e ruralidade.
- A iconografía do mal: máscaras e libreas.
- O teatro sonoro da loita: danzas e bailes.
- A patrimonialización da tradición: identidade local e figuras de protección.

José Policarpo Martín Cruz é licenciado en Historia pola Universidade de La Laguna, Cronista Oficial de Tijarafe (La Palma) e bibliotecario na Rede de Bibliotecas Públicas Municipais de Tijarafe. Exerceu responsabilidades técnicas e políticas referidas ao patrimonio cultural no ámbito público. Estudou as tradicións locais destacando as relacións entre o seu desenvolvemento histórico e o das comunidades que as conservan para comprender o papel daquelas na definición do patrimonio cultural.



A Voltas co Baile

Máscaras que bailan
nos rituais
do tempo cíclico

Sábado 11 de abril de 2026
Auditorio do Museo do Pobo Galego

10h30 a 12h00
Rituais con danzas no Entroido
e nas mascaradas invernaís:
a cinemática do extraordinario.
Rafael Quintia Pereira

12h30 a 13h45
Máscaras, libreas e danzas:
representación da loita do ben
e do mal nas tradicións
das Illas Canarias.
José Policarpo Martín Cruz

Programa das xornadas:
De balde.
Inscripcións en:
servizosdeac@museodopobo.gal



Máis información e inscrición:

servizosdeac@museodopobo.gal
www.museodopobo.gal

 **Museo do Pobo Galego**



INSCRICIÓN

En servizosdeac@museodopobo.gal
Prazas limitadas. Xornada para persoas adultas.

De balde.